

**XUSTIFICACION FUNCIONAL**

Nesta proposta de modificación parcial da RPT da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional abórdanse principalmente unha serie de modificacións necesarias para adecuar as unidades administrativas as novas competencias derivadas do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG nº 101 do 27 de maio de 2024), incluíndo desta forma os axustes necesarios da distribución dos efectivos existentes para adaptalas á nova estrutura organizativa así como aquelas creacións de prazas e outras medidas organizativas que son precisas para asumir as competencias e funcións asignadas por esta.

Por outra banda, propóñense outras modificacións relacionadas coa necesidade de optimizar os recursos dispoñibles en función da satisfacción das necesidades desta consellería ante os novos retos definidos na nova estrutura, especialmente como consecuencia da distribución de competencias e axustes e funcións nos distintos órganos co obxecto de promover unha actuación administrativa máis eficaz.

Así, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en que se configura a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Pola súa banda, o Decreto 138/2024, do 20 de maio antes citado, establece a estrutura orgánica Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Aínda que a nova estrutura toma como referencia a arquitectura organizativa preexistente da anterior Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, introduce as modificacións precisas para axustar e buscar unha mellora co fin de conseguir o máximo nivel de calidade na prestación dos servizos públicos.

En síntese as modificacións introducidas son as seguintes:

**1. Supresións:**

Os postos que se pretenden amortizar obedecen á necesidade de financiar postos necesarios derivados das novas funcións que establece o decreto de estrutura da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Para isto fíxose un estudo dos postos vacantes na Consellería dos que non se considera prioritaria a súa cobertura, por estar as necesidades dos centros de traballo debidamente cubertas coas dotacións existentes.

Todos os postos que se pretenden amortizar están vacantes e sen ocupar.

Os postos a amortizar son os seguintes:

	Código	Denominación	F/L	Grupo	Nivel
1	ED.201.00.000.15770.033	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
2	ED.201.00.001.15770.003	SECRETARIO/A DO/A VICESECRETARIO/A XERAL	F	C1-C2	16
3	ED.901.00.000.15770.008	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
4	ED.901.00.000.15770.005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
5	ED.C99.10.000.15001.019	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
6	ED.C99.10.000.27001.014	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: EDD-012024

7	ED.C99.10.000.32001.010	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	F	C2	12
8	ED.C99.10.000.36001.174	XEFATURA DE GRUPO	F	C1-C2	14
9	ED.201.00.000.15770.113	TECNICO ARQUIVOS E BIBLIOTECAS	F	C1	16
10	ED.C99.40.901.15001.006	EDUCADOR/A 1/2 XORNADA (CEE MARÍA MARIÑO)	L	II-6	
11	ED.C99.40.801.15300.057	SERVIZO DOMÉSTICO (CREDO CULLEREDO)	F	AP	10
12	ED.C99.40.901.15350.012	MÉDICO/A (PSIQUIATRA) 1/2 Xornada (CEE Terra de Ferrol)	L	I-2	
13	ED.C99.40.101.15410.005	AXUDANTE/A DE COCIÑA (CPI PLURILINGÜE "CERNADAS DE CASTRO" (LOUSAME)	F	AP	10
14	ED.C99.40.106.27001.003	OFICIAL 2ª COCIÑA (CEIP DE CASÁS, LUGO)	L	IV-5	
15	ED.C99.40.101.32001.077	INTÉRPRETE LINGUAXE SIGNOS (AULAS E.E OURENSE)	L	III-104	
16	ED.C99.40.302.32001.015	LIMPADOR/A (IES RAMÓN OTERO PEDRAYO, OURENSE)	F	AP	10
17	ED.C99.40.101.32840.004	AXUDANTE/A DE COCIÑA (CEIP PRINCESA DE ESPAÑA, VERÍN)	F	AP	10
18	ED.C99.40.301.32850.009	LIMPADOR/A (IES CARLOS CASARES, VIANA DO BOLO)	F	AP	10
19	ED.C99.40.101.36320.006	AXUDANTE/A DE COCIÑA (CPI PLURILINGÜE "SANTA LUCÍA" (MORAÑA)	F	AP	10
20	ED.C99.40.101.36340.003	AXUDANTE/A DE COCIÑA (CEIP "MARQUESA DO PAZO DA MERCÉ" (AS NEVES)	F	AP	10
21	ED.C99.40.801.36560.017	MÉDICO/A (CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE (VIGO)	F	A1	24

Con respecto ás amortizacións dos postos que non prestan servizo en centros educativos, estes son os comprendidos entre o 1 e 9 dos postos que se pretenden amortizar, indicar que a proposta da súa amortización ven determinada pola necesidade de financiar os postos que se pretenden crear no punto 2º. Estes postos están todos vacantes, e nestes momentos é necesario realizar esta proposta para poder optimizar os recursos dispoñibles e así dar satisfacción das necesidades desta consellería ante os novos retos definidos na nova estrutura dentro da potestade de autoorganización da propia Administración.

Con respecto ás amortizacións que se propoñen en centros educativos, estes son os comprendidos entre o 10 e o 21 dos postos que se pretenden amortizar. De forma particular en cada un dos postos é necesario indicar o seguinte:

1.10.- CEE María Mariño (A Coruña)

Suprímese un posto denominado "Educador/a", a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo II, categoría 6, con plus de penosidade B18, con código ED.C99.40.901.15001.006. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste centro educativo, que son cubertas con persoal Coidador/a Auxiliar e con persoal docente. Este posto está vacante dende o 01/04/2024.



1.11.- Centro Residencial Docente (Culleredo)

Suprímese un posto denominado “Servizo Doméstico”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código ED.C99.40.801.15300.057. O posto está vacante dende o 19.09.2014. A supresión acomódase ás novas necesidades destes centros residenciais docentes, quedando dotado con 16 postos destas características.

1.12.- CEE Terra de Ferrol (Ferrol)

Suprímese un posto denominado “Médico/a (Psiquiatra)” a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo I, categoría II (LIC./GRAO MEDICINA (ESPECIALIDADE PSIQUIATRÍA), con código ED.C99.40.901.15350.012. A supresión acomódase ás necesidades deste centro, xa que este centro está dotado entre outros postos, cun posto de Médico/a a xornada completa, un posto de psicólogo/a, dous postos de enfermeiro/a e un posto de auxiliar de clínica. O posto de médico/a psiquiatra a media xornada está vacante dende o 02.05.2021.

1.13.- CPI Plurilingüe Cernadas de Castro (Lousame)

Suprímese un posto denominado “axudante de cociña”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código ED.C99.40.101.15410.005. O posto está vacante dende o 09.05.2021. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor tipo D, o que esixe unha dotación dun oficial 2.º de cociña e tres axudantes de cociña. O número de comensais deste centro é de 276.

1.14.- CEIP de Casás (Lugo)

Suprímese un posto denominado “Oficial 2ª Cociña”, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo IV, categoría 005, con código ED.C99.40.106.27001.003. O posto está vacante dende o 29.02.2024. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor tipo D, o que esixe unha dotación dun oficial 2.º de cociña e tres axudantes de cociña. O número de comensais deste centro é de 220.



**1.15.- Aulas E.E. Centro Público Provincial (Ourense)**

Suprímese un posto denominado “Intérprete Linguaxe Signos”, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo III, categoría 104, con plus de singularidade de especial dedicación B14 e de penosidade B18, con código ED.C99.40.101.32001.077. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste ámbito provincial, xa que existen máis postos vacantes nestes momentos por non existir as necesidades que xustifiquen a súa cobertura. Este posto está vacante dende o 07/09/2022.

**1.16.- IES Ramón Otero Pedrayo (Ourense)**

Suprímese un posto denominado “Limpador/a”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código ED.C99.40.302.32001.015. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 12.07.2023. Este centro actualmente conta cun total de 7.218 metros cadrados e quedaría dotado con 5 postos desta categoría a xornada completa.

**1.17.- CEIP Princesa de España (Verín)**

Suprímese un posto denominado “axudante de cociña”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código ED.C99.40.101.32840.004. O posto está vacante dende o 07.06.2021. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor tipo C, o que esixe unha dotación dun oficial 2.º de cociña e dous axudantes de cociña. O número de comensais deste centro é de 208.

**1.18.- IES Carlos Casares (Viana do Bolo)**

Suprímese un posto denominado “Limpador/a”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código ED.C99.40.301.32850.009. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 26.12.2021. Este centro actualmente conta cun total de 3.594 metros cadrados e quedaría dotado con 2 postos desta categoría a xornada completa.



1.19.- CPI Plurilingüe Santa Lucía (Moraña)

Suprímese un posto denominado “axudante de cociña”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código ED.C99.40.101.36320.006. O posto está vacante dende o 23.10.2023. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor tipo D, o que esixe unha dotación dun oficial 2.º de cociña e tres axudantes de cociña. O número de comensais deste centro é de 340.

1.20.- CEIP Marquesa do Pazo da Mercé” (As Neves)

Suprímese un posto denominado “axudante de cociña”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código ED.C99.40.101.36340.003. O posto está vacante dende o 30.04.2023. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor tipo C, o que esixe unha dotación dun oficial 2.º de cociña e dos axudantes de cociña. O número de comensais deste centro é de 161.

1.21.- Centro Residencial Docente (Vigo)

Suprímese un posto denominado “Médico/a”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A1 da Escala especial (esc. facultativos - esp. medicina) ESS1, nivel 24, con código ED.C99.40.801.15300.015. A supresión acomódase ás novas necesidades destes centros residenciais docentes, onde xa non se considera necesaria a estes efectos o mantemento dun posto de Médico/a. O posto está vacante dende o 16.02.2024.

**2. Creacións:**

É necesario crear os seguintes postos de traballo motivado polas novas competencias e funcións que establece o decreto de estrutura da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, sendo necesario dotar de novos postos a servizos indispensables para unha axeitada tramitación dos expedientes.

Os postos que se crean son os seguintes:

	Código	Denominación	Grupo	Corpo-	Nivel
--	--------	--------------	-------	--------	-------



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: EDD-012024

				Esc	
1	ED.201.00.001.15770.063	XEFATURA DE SECCIÓN DE XESTION ECONOMICA	A1-A2-C1	AXG	25
2	ED.201.00.001.15770.067	XEFATURA DE SECCIÓN DE ORZAMENTOS II	A1-A2-C1	AXG	25
3	ED.201.00.001.15770.107	XEFATURA SECCIÓN CONTRATACION III	A1-A2-C1	AXG	25
4	ED.201.00.004.15770.029	XEFATURA SECCIÓN TÉCNICA CONSTRUCCIÓN	A1-A2	EMA- EME2	25
5	ED.201.00.004.15770.004	ARQUITECTO/A FUNCIÓN FACULTATIVAS	A1	ESA	26
6	ED.201.00.003.15770.044	XEFATURA DE SECCIÓN DE COORDINACIÓN ADM.	A1-A2-C1	AXG	25
7	ED.201.00.003.15770.045	XEFATURA DE SECCIÓN I	A1-A2-C1	AXG	25
8	ED.201.00.007.15770.004	XEFATURA DE SECCIÓN APOIO Á INTERVENCIÓN DELEGADA	A1	AXG	25
9	ED.901.00.002.15770.043	XEFATURA DE SECCIÓN DE XESTIÓN DE PERSOAL	A1-A2-C1	AXG	25
10	ED.901.00.002.15770.045	XEFATURA DE SECCIÓN DE PERSOAL APOIO I	A1-A2-C1	AXG	25
11	ED.C99.10.000.15001.205	XEFATURA NEGOCIADO SERVICIO APOIO CORUÑA	A2-C1-C2	AXG	18
12	ED.C99.10.000.36001.186	XEFATURA NEGOCIADO SERVICIO APOIO PONTEVEDRA	A2-C1-C2	AXG	18

**1.B.1. e 1.B.2.** Na Secretaría Xeral Técnica, na Vicesecretaría, encadradas na Xefatura do Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria créase dous posto denominados, “**Xefatura de Sección de xestión económica**” e “**Xefatura de Sección de Orzamentos II**” abertas as dúas aos subgrupos A1, A2 e C1, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 25, códigos respectivamente **ED.201.00.001.15770.063** e **ED.201.00.001.15770.067**.

Estas creacións obedecen a necesidade de reforzar esta unidade administrativa derivado da nova estrutura da Consellería. Coa antiga estrutura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades este servizo dependía da Subdirección Xeral de Coordinación Económica e Contratación, e dentro deste existían dous Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria, un da parte de Cultura e outro da parte de Educación, se ben a carga de traballo da parte de Educación polo volume da súa xestión era moi superior á de cultura, por este motivo os efectivos de persoal existentes supoñían un apoio en moitos momentos á parte de educación. Por este motivo son necesarias estas creacións polo volume de expedientes en materia de xestión económica e orzamentaria que se tramitan dende esta unidade.

**1.B.3.** Na Secretaría Xeral Técnica, na Vicesecretaría, encadrada na Xefatura do Servizo de Contratación créase un posto denominado, “**Xefatura de Sección de contratación III**” aberta aos subgrupos A1, A2 e C1, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 25, código **ED.201.00.001.15770.107**.

Esta creación obedecen a necesidade de reforzar esta unidade administrativa derivado da nova estrutura da Consellería. Coa antiga estrutura da Consellería de Cultura, Educación, Formación



Profesional e Universidades este servizo dependía da Subdirección Xeral de Coordinación Económica e Contratación, e dentro deste existían dous Servizo de contratación, un da parte de Cultura e outro da parte de Educación, se ben a carga de traballo da parte de Educación polo volume da súa xestión era moi superior á de cultura, por este motivo os efectivos de persoal existentes supoñían un apoio en moitos momentos á parte de educación. Por este motivo é necesaria estas creacións polo volume de expedientes en materia de contratación que se tramitan dende esta unidade.

**1.B.4; 1.B.5.** Na Secretaría Xeral Técnica, na Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento, faise necesario especial de arquitectos técnicos EMA e a Enxeñeiros técnicos especialistas en enx. Técnica industrial EME2; para proceder á creación dun posto denominado **“Xefatura Sección Técnica Construcións”**, subgrupo A1-A2 nivel 25, aberto ás escalas especial de arquitectos técnicos EMA e a Enxeñeiros técnicos especialistas en enx. Técnica industrial EME2, con código **ED.201.00.004.15770.029**.

Tamén é necesario, na Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento, dependente directamente da subdirección proceder á creación dun posto denominado **“Arquitecto/a funcións facultativas”**, Subgrupo A1, nivel 26, aberto á escala especial de Arquitectos ESA, con código **ED.201.00.004.15770.004**.

A creación destes postos faise necesario para levar a cabo as funcións encomendadas para a xestión e supervisión dos proxectos de construción de centros educativos, así como as súas ampliacións, reposicións ou rehabilitacións.

**1.B.6. e 1.B.7.** Na Secretaría Xeral Técnica, na Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Réxime Xurídico, encadradas no Servizo Técnico-Xurídico créanse dous posto denominados, **“Xefatura de Sección de Coordinación Administrativa”** e **“Xefatura de Sección I”** abertas as dúas aos subgrupos A1, A2 e C1, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 25, códigos respectivamente **ED.201.00.003.15770.044** e **ED.201.00.003.15770.045**. Esta última coa codificación específica 501 **“LIC./GRAO DEREITO (MÉRITO)”**.

Estas creacións obedecen a necesidade de reforzar esta unidade administrativa derivado da nova estrutura da Consellería. Coa antiga estrutura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dentro da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e réxime xurídico existían tres Servizos diferenciados; o servizo de Coordinación Administrativa e Apoio Normativo e o servizo Técnico-Xurídico da área de Cultura, pasaron para a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude; por este motivo son necesarias estas creacións que se propoñen dentro do Servizo Técnico-Xurídico para o correcto funcionamento da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e réxime xurídico.

**1.B.8.** Na Secretaría Xeral Técnica, na Intervención Delegada créase un posto denominado **“Xefatura de Sección Apoio á Intervención Delegada”** abertas as dúas aos subgrupos A1, A2 e



C1, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 25, código **ED.201.00.007.15770.004**.

A creación deste posto é necesaria dado ao enorme volume de traballo diario da intervención delegada da Consellería, que fai preciso un reforzo extraordinario de persoal para a tramitación dos expedientes. Na actualidade a intervención delegada da Consellería xa conta con dous postos de xefaturas de negociado, da propia Consellería; pero faise necesaria a creación deste posto de Xefatura de Sección para a coordinación e apoio na tramitación ordinaria cos servizos dependentes da propia intervención delegada.

**1.B.9. e 1.B.10.** Na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, na Subdirección Xeral de RRHH, encadradas na Xefatura de Servizo de Persoal de Administración e Servizos, créanse dous postos denominados, “**Xefatura de Sección de xestión de Persoal**” e “**Xefatura de Sección de persoal Apoio I**” abertas as dúas aos subgrupos A1, A2 e C1, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 25, códigos respectivamente **ED.901.00.002.15770.043** e **ED.901.00.002.15770.045**.

Estas creacións obedecen a necesidade de reforzar esta unidade administrativa derivado da nova estrutura da Consellería que incrementa as súas competencias, derivado de que a antiga Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades contaba con dous servizos de persoal. Este servizo de persoal de Administración e Servizos asume agora as competencias en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica de toda a ordenación, xestión e administración dos RRHH da Consellería (Salvo o persoal docente en centros docentes); así como as competencias en prevención de riscos laborais e a elaboración de informes en expedientes de incompatibilidades de todo o persoal docente e non docente. Son necesarias estas creacións polo volume de expedientes en materia de persoal que se tramitan dende esta unidade.

**1.B.11.** No Departamento Territorial da Coruña, dependente do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos, créase o posto denominado “**Xefatura Negociado**”, nivel 18, aberta aos subgrupos A2, C1 e C2, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, código **ED.C99.10.000.15001.205**.

Esta creación é necesaria xa que coa nova estrutura da Xunta de Galicia, as competencias en materia de transporte escolar foron asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; estas competencias eran anteriormente xestionadas dende os Servizos de Apoio aos Servizos Educativos e froito do acordo de traspaso das competencias á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes algún dos postos da Consellería de Educación pasaron a depender da Consellería de Presidencia. Nos departamentos territoriais non existía un servizo exclusivo de transporte escolar, senón que as competencias nesta materia estaban encadradas dentro do servizo de apoio aos servizos educativos. Por este motivo, e logo do acordo de traspaso entre a Consellería de Educación e a Consellería de Presidencia, faise necesario dotar dun novo posto de Xefatura de Negociado ao Servizo de Apoio aos servizos educativos para a axeitada tramitación dos asuntos en materia de comedores escolares, cafeterías escolares, xestión das becas e tramitación das solicitudes de títulos e libros de cualificación.





**1.B.12.** No Departamento Territorial de Pontevedra, dependente do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos, créase o posto denominado “**Xefatura Negociado III**”, nivel 18, aberta aos subgrupos A2, C1 e C2, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, código **ED.C99.10.000.36001.186**.

Esta creación é necesaria xa que coa nova estrutura da Xunta de Galicia, as competencias en materia de transporte escolar foron asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; estas competencias eran anteriormente xestionadas dende os Servizos de Apoio aos Servizos Educativos e froito do acordo de traspaso das competencias á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes algún dos postos da Consellería de Educación pasaron a depender da Consellería de Presidencia. Nos departamentos territoriais non existía un servizo exclusivo de transporte escolar, senón que as competencias nesta materia estaban encadradas dentro do servizo de apoio aos servizos educativos. Por este motivo, e logo do acordo de traspaso entre a Consellería de Educación e a Consellería de Presidencia, faise necesario dotar dun novo posto de Xefatura de Negociado ao Servizo de Apoio aos servizos educativos para a axeitada tramitación dos asuntos en materia de comedores escolares, cafeterías escolares, xestión das becas e tramitación das solicitudes de títulos e libros de cualificación.

**2. Modificación de Denominación ou dependencia:**

Para os efectos de realizar unha distribucións axeitada dos efectivos existentes na consellería axustada á estrutura resultante do Decreto 138/2024, do 20 de maio, propónse a modificación dos seguintes postos nos termos que se indican:

POSTOS RPT VIXENTE			MODIFICACIÓN PROPOSTA		
CÓDIGO	UNIDADE ORIXE	NOME	CÓDIGO	UNIDADE DESTINO	NOME
ED.201.00.003.15770.042	S.X de Coordinación Administrativa e réxime xurídico	XEFACTURA NEGOCIADO I	ED.201.00.000.15770.201	Secretaría Xeral Técnica	XEFACTURA NEGOCIADO I
ED.201.00.002.15770.030	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFACTURA SERVIZO XEST. ECO. E ORZA. ÁREA EDUCACIÓN	ED.201.00.001.15770.060	Vicesecretaría Xeral	Xefatura Servizo de xestión económica e orzamentaria
ED.201.00.002.15770.031	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFACTURA SECCIÓN XESTIÓN ECONÓMICA E HABILITACIÓN	ED.201.00.001.15770.061	Vicesecretaría Xeral	XEFACTURA SECCIÓN XESTIÓN ECONÓMICA E HABILITACIÓN
ED.201.00.002.15770.032	S.X. de Coordinación económica e	XEFACTURA DE SECCIÓN DE ORZAMENTOS	ED.201.00.001.15770.062	Vicesecretaría Xeral	XEFACTURA DE SECCIÓN DE ORZAMENTOS



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: EDD-012024

	contratación				
ED.201.00.002.15770.034	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA NEGOCIADO I	ED.201.00.001.15770.064	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA NEGOCIADO I
ED.201.00.002.15770.035	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA NEGOCIADO II	ED.201.00.001.15770.065	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA NEGOCIADO II
ED.201.00.002.15770.036	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA NEGOCIADO III	ED.201.00.001.15770.066	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA NEGOCIADO III
ED.201.00.002.15770.039	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA GRUPO	ED.201.00.001.15770.069	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA GRUPO
ED.201.00.002.15770.060	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA SERVICIO DE CONTRATACIÓN ÁREA DE EDUCACIÓN	ED.201.00.002.15770.090	Vicesecretaría Xeral	Xefatura Servizo de contratación
ED.201.00.002.15770.061	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA SECCIÓN DE CONTRATACIÓN I	ED.201.00.001.15770.091	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA SECCIÓN DE CONTRATACIÓN I
ED.201.00.002.15770.062	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA SECCIÓN DE CONTRATACIÓN II	ED.201.00.001.15770.092	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA SECCIÓN DE CONTRATACIÓN II
ED.201.00.002.15770.063	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ADMTVA. E ECONÓMICA	ED.201.00.001.15770.093	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ADMTVA. E ECONÓMICA
ED.201.00.002.15770.067	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA NEGOCIADO	ED.201.00.001.15770.097	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA NEGOCIADO
ED.201.00.002.15770.072	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA GRUPO	ED.201.00.001.15770.102	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA GRUPO
ED.201.00.002.15770.075	S.X. de Coordinación	XEFATURA NEGOCIADO I	ED.201.00.001.15770.105	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA NEGOCIADO I



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

PROPOSTA: EDD-012024

	económica e contratación				
ED.201.00.002.15770.076	S.X. de Coordinación económica e contratación	XEFATURA NEGOCIADO II	ED.201.00.001.15770.106	Vicesecretaría Xeral	XEFATURA NEGOCIADO II
ED.201.00.003.15770.040	S.X. de Coordinación Administrativa e réxime xurídico	XEFATURA SERVICIO TÉCNICO-XURÍDICO ÁREA EDUCACIÓN	ED.201.00.003.15770.040	S.X. de Coordinación Administrativa e réxime xurídico	Xefatura Servicio Técnico-Xurídico
ED.701.00.001.15770.001	D.X. de Ordenación e innovación educativa	SUBD. XERAL ORDENACIÓN, INCLUSIÓN E INNOV. EDUCAT	ED.701.00.001.15770.001	D.X. de Ordenación e innovación educativa	Subd. Xeral de Inclusión e Innovación Educativa
ED.701.00.001.15770.004	S.X. DE ORDENACIÓN, INCLUSIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	XEFATURA SERVICIO ORDENACIÓN EDUCATIVA	ED.701.00.002.15770.040	S.X. DE INSPECCIÓN E AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO	XEFATURA SERVICIO ORDENACIÓN EDUCATIVA
ED.701.00.001.15770.008	S.X. DE ORDENACIÓN, INCLUSIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	XEFATURA NEGOCIADO	ED.701.00.002.15770.041	S.X. DE INSPECCIÓN E AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO	XEFATURA NEGOCIADO
ED.801.00.002.15770.020	S.X. de Innovación Profesional e Coordinación co sistema productivo	X. SERV. RELAC. SIST.PRODUT., ORIENT. E INSER. LAB	ED.801.00.002.15770.020	S.X. de Innovación Profesional e Coordinación co sistema productivo	Xefatura Servicio de orientación e Innovación Profesional
ED.801.00.001.15770.020	S.X. de Cualificacións, planificación e xestión da FP	XEF. SERVICIO CUALIF. E ACREDIT. DE COMPET. PROFES.	ED.801.00.002.15770.030	S.X. de Innovación profesional e coordinación co sistema productivo	Xefatura Servicio de Coordinación co sistema productivo
ED.801.00.001.15770.025	S.X. de Cualificacións, planificación e xestión da FP	XEFATURA NEGOCIADO DE ACREDITACIÓN	ED.801.00.002.15770.035	S.X. de Innovación profesional e coordinación co sistema productivo	XEFATURA NEGOCIADO DE ACREDITACIÓN
ED.801.00.002.15770.020	S.X. de Innovación Profesional e Coordinación co sistema productivo	X. SERV. RELAC. SIST.PRODUT., ORIENT. E INSER. LAB	ED.801.00.002.15770.020	S.X. de Innovación Profesional e Coordinación co sistema productivo	Xefatura Servicio de orientación e Innovación Profesional



**XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL**

**PROPOSTA: EDD-012024**

Estas modificacións non implican ningún tipo de mobilidade das persoas ocupantes das prazas nin alteración do contido funcional que exceda das funcións propias asignadas aos respectivos corpos ou escalas das persoas afectadas.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

